



Entrevista a Adela Cortina, BBC, 30/10/2020

"Non rexeitamos aos estranxeiros se son turistas, cantantes ou deportistas de fama, rexeitámolos se son pobres"

Vostede acuñou hai máis de 20 anos xa o termo "aporofobia", recoñecido pola Real Academia da Lingua e recollido no seu dicionario. Que significa? Como xurdiu? De onde procede etimoloxicamente?

O termo "aporofobia" procede de dous vocábulos gregos: *ἄπορος* "áporos", o pobre, o desvalido, e *φοβέω* "fobéo", temer, previr-se, odiar, rexeitar. Do mesmo xeito que "xenofobia" significa "aversión ao estranxeiro", a aporofobia é a aversión ao pobre polo feito de selo.

E a palabra xurdiu do xeito máis sinxelo, ao percibir que en realidade non rexeitamos aos estranxeiros se son turistas, cantantes ou deportistas de fama, rexeitámolos se son




Ilustración 1: Ricardo Díaz. Unsplash.

pobres, se son inmigrantes, mendigos, indixentes, aínda que sexan os da propia familia.

Do mesmo xeito que "xenofobia" significa "aversión ao estranxeiro", a aporofobia é a aversión ao pobre polo feito de selo.

Por que é importante que exista unha palabra para nomear o odio aos indixentes?

Porque as persoas necesitamos poñer nomes ás cousas para recoñecer que existen e identificalas; máis aínda se son fenómenos sociais, non físicos, que non poden sinalarse co dedo.

Poñer nome ao rexeitamento ao pobre permite visibilizar esa patoloxía social, indagar as súas causas e decidir se estamos de acordo en que siga crescendo ou se estamos dispostos a desactivala porque nos parece inadmisibile.

É a aporofobia un fenómeno sobre todo dos nosos tempos, nos que o éxito e o diñeiro son concibidos por moitos como valores supremos?



Ilustración 2: Getty Images. Unsplash.

Por desgraza, a aporofobia existiu sempre, está na entraña dos seres humanos, é unha tendencia universal. O que ocorre é que unhas formas de vida e unhas organizacións políticas e económicas potencian máis o rexeitamento ao pobre que outras.

Se nas nosas sociedades o éxito, o diñeiro, a fama e o aplauso son os valores supremos, é practicamente imposible conseguir que as xentes traten a todas as persoas por igual, que as recoñezan como os seus iguais.

Como se manifesta a aporofobia na sociedade? Pode darnos algúns exemplos?

Por suposto. Os inmigrantes e os refuxiados son mal acollidos en todos os países, incluso algúns partidos políticos gañan votos cando prometen pecharlles as portas.

Tratamos con moito coidado ás persoas que poden facernos favores, axudarnos a atopar un emprego, gañar unhas eleccións, apoiarnos para conseguir un premio, e abandonamos ás que non poden darnos nada diso.

A sabedoría popular di que hai que intercambiar favores en refráns como "hoxe por ti, mañá por min", e os pais adoitan aconsellar aos seus fillos que se acheguen aos nenos mellor situados.

O acoso escolar é un exemplo de aporofobia, como tamén o abandono que sofren nas poboacións as vítimas do terrorismo de proximidade.



Ilustración 3: Random Thinking. Unsplash

Reflexiona

Que significa “aporofobia” ?

Por que é importante definilo?

Estás de acordo coas razóns de Adela Cortina? Por que?

Le a última pregunta (subliñada).

1) Coñeces algún exemplo de aporofobia no teu ámbito? Enumera tres exemplos.

- 1.
- 2.
- 3.

2) Estás de acordo con ela en que o acoso escolar é un exemplo de aporofobia? Por que?